

# AVISO ACTIVIDADE

Mércores 14 de decembro

(Conmemoración do Día internacional dos Dereitos Humanos)

## “CONTOS COAS MANS ABERTAS”

Compañía Tropa de Trapo



Esta é a nova proposta da **Tropa de Trapo**. Un novo espectáculo de contos a dúas voces con música en directo. Igual ca en anteriores proxectos, segue a explorar a liña de historias reais (case todas), recollidas en primeira persoa, na busca de contos sinceros e cercanos, que falen realmente do fondo humano que a todos nos une.

Sen caer en tópicos sobre a solidariedade e a cooperación, **CONTOS COAS MANS ABERTAS** é un espectáculo cheo de esperanza, de humor, de amor, de realidade, de pequenas loitas posibles e de grandes soños no horizonte. Contos para mellorar o mundo, para entendelo mellor, para traballar por el. Sempre coas nosas mans, as que temos, as que tanto valen : as nosas mans abertas

**Organiza:** Departamento de Lingua e Literatura Galega

**Promove:** Concello de Ferrol (Benestar Social, Igualdade e Xuventude)

**Lugar:** Salón de Actos

**Alumnado participante:** 1º de Bach A, D, E e F

**Inicio da Actividade:** ás 11:15h

**Duración:** unha hora (aprox)

**Observacións:**

O profesorado da terceira hora deixará saír aos seus alumnos ás 11:10h